

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE IGUALDADE

- 14370** *Real decreto 1023/2020, do 17 de novembro, polo que se actualizan as contías, os criterios e o procedemento de distribución das transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.*

I

A violencia contra as mulleres, ademais de constituír unha vulneración dos seus dereitos fundamentais, é a expresión máis cruel da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Por iso, no marco da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e en cumprimento do convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011, ratificado por España en 2014, é preciso avanzar na consolidación e na adopción das medidas legislativas e demais necesarias para sensibilizar, previr, investigar, castigar, atender e protexer polos actos de violencia incluídos nel. O convenio do Consello de Europa insta, ademais, a que as medidas que se tomen impliquen a todos os actores pertinentes como as autoridades nacionais, rexionais e locais; e promove a dedicación de recursos financeiros e humanos adecuados para a correcta aplicación de políticas integradas, medidas e programas dirixidos a previr e combater todas as formas de violencia incluídas no seu ámbito de aplicación.

En setembro de 2017, os plenos do Congreso dos Deputados e do Senado aprobaron, respectivamente, o informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero e o informe da Ponencia de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero. Ambos integran o Pacto de Estado en materia de violencia de xénero (en diante, Pacto de Estado), cuxa aprobación culminou en decembro de 2017 cos acordos alcanzados entre o Goberno e o resto de administracións autonómicas e locais. O Pacto de Estado inclúe, ademais de medidas xerais para todas as administracións públicas, recomendacións específicas para as entidades locais no seu eixe 7 e, para promover a súa realización, prevé, no seu eixe 9, un compromiso económico consistente en que os orzamentos xerais do Estado destinarán, vía transferencias aos concellos, un incremento anual de vinte millóns de euros durante os próximos cinco exercicios. O Goberno de España acordará coa Federación Española de Municipios e Provincias (en diante, FEMP), ou outras asociacións de municipios no conxunto do Estado, os programas que se deberán levar a cabo. Ademais, o Pacto de Estado aclara que o financiamento ás corporacións locais, por parte da Administración xeral do Estado, para garantir a efectividade do conxunto de medidas recollidas neste pacto, terá que ter sempre un carácter condicionado.

O Pacto de Estado contén un conxunto de medidas dirixidas a previr e combater todas as formas de violencia contra a muller e a mellorar a resposta que, desde as administracións e institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores a través da atención, información, asesoramento, asistencia social integral, aloxamento e recuperación. En particular, inclúe medidas para que a Administración local poida levar a cabo actuacións dirixidas á promoción da igualdade entre mulleres e homes, así como contra a violencia que se exerce sobre as mulleres, ao tratarse da Administración máis próxima á cidadanía e, polo tanto, ás vítimas desta violencia.

En prol de garantir o desenvolvemento das medidas do dito Pacto de Estado polas entidades locais, a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, incluíu no estado de gastos o crédito 26.15.231F.460 para transferencias para o

desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, por un importe de 20.000.000,00 de euros.

Ademais, a disposición derradeira sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, relativa ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, dispón que «os orzamentos xerais do Estado destinarán, vía transferencias finalistas aos concellos, un incremento de 20 millóns de euros para as novas ou ampliadas competencias reservadas aos concellos dentro do Pacto de Estado».

II

Adicionalmente, coa finalidade de avanzar na consecución dunha sociedade libre de violencia sobre as mulleres e na mellora da atención, asistencia, apoio e recuperación das mulleres vítima de violencia, ditouse o Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, validado polo Acordo do Congreso dos Deputados do 13 de setembro de 2018, que inclúe medidas relativas aos municipios. Por unha banda, o Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, acomete, na disposición derradeira primeira, a modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que a Administración local poida levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero. Por iso, estas cuestións deben formar parte do catálogo de materias recollido como de competencia propia dos municipios no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, obxecto desta modificación.

Por outra banda, o Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, regula, na disposición derradeira terceira, a distribución dos fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado, previstos na disposición derradeira sexta da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, asignados aos municipios para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero, vía transferencia finalista e directa, e distribuídos segundo os criterios enumerados nela. O número 3 desta disposición derradeira terceira habilita o Goberno para que, polo real decreto do Consello de Ministros, modifique as contías que se van distribuír, os criterios e o procedemento de distribución, para o cal se dita o presente real decreto.

Este real decreto, que se dita no uso da citada habilitación normativa, deixa sen efecto o establecido no número 1 da disposición derradeira terceira do Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, e procede á actualización dos criterios previstos nela.

III

A Constitución española dispón no número 4 do artigo 134 que, se a lei de orzamentos non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, se considerarán automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos.

Polo tanto, mentres se aproba unha nova lei de orzamentos xerais do Estado, no estado de gastos dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para o ano 2020, a aplicación orzamentaria 25.03.232C.460 está destinada a transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, por un importe de 20.000.000,00 de euros. Coa finalidade de realizar no ano 2020 estas transferencias, adecuándoas ao número de municipios que se crearon ou se suprimiron e á súa evolución poboacional desde o ano 2018, de actualizar as contías obxecto de distribución para cada un destes criterios e introducir un novo criterio de repartición, así como de avanzar cara a unha maior eficacia e eficiencia no procedemento de distribución e na súa fase de xustificación, cómpre facer uso da habilitación legal contida no número 3 da disposición derradeira terceira do Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, para modificar as contías que se van distribuír, os criterios e o procedemento de distribución, mediante o presente real decreto.

Ademais, é necesario e urxente acometer esta modificación mediante o presente real decreto, coa finalidade de garantir o desenvolvemento do compromiso económico a cinco

anos para os municipios previsto no Pacto de Estado, e de poder dar resposta á situación creada como consecuencia da situación de emerxencia sanitaria polo COVID-19 e da declaración do estado de alarma e a conseguinte desescalada cara a unha nova normalidade, e a súa repercusión nos diferentes ámbitos afectados, tanto económicos como sociais, e as medidas adoptadas.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O seu artigo 18 prevé que as autoridades, empresas e provedores adopten as medidas necesarias para asegurar a prestación dos servizos esenciais que lles son propios. As medidas adoptadas a raíz da súa declaración provocaron un especial impacto en determinados colectivos de persoas especialmente vulnerables que deben ser obxecto de protección por parte do Goberno, como as mulleres vítimas de violencia de xénero cuxa vulnerabilidade é maior en situacións de illamento domiciliario. Coa finalidade de adoptar por razóns de extraordinaria e urxente necesidade medidas dirixidas en especial á protección e á asistencia das vítimas de violencia de xénero, ditouse o Real decreto lei 12/2020, do 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, validado polo Acordo do Congreso dos Deputados do 29 de abril de 2020.

O artigo 1 do Real decreto lei 12/2020, do 31 de marzo, establece que, para os efectos do previsto nel, os servizos a que se refiren os seus artigos 2 ao 5 terán a consideración de servizos esenciais cos efectos previstos no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo; nas súas normas de desenvolvemento; no Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19; e o resto do ordenamento xurídico. Entre estes servizos declarados esenciais están os servizos de asistencia social integral, consistentes en orientación xurídica, psicolóxica e social destinada ás vítimas de violencia de xénero; e os centros de emerxencia, acollida, pisos tutelados e aloxamentos seguros para vítimas de violencia de xénero, explotación sexual e tráfico de mulleres con fins de explotación sexual, cuxa prestación debe ser garantida polas administracións públicas competentes, entre elas, as entidades locais.

Co fin de contribuír a que a prestación destes servizos estea garantida, o artigo 8 do citado Real decreto lei 12/2020, do 31 de marzo, determina que as comunidades autónomas e as entidades locais poderán destinar os fondos que lles correspondan do Pacto de Estado contra a violencia de xénero a pór en marcha todos os proxectos ou programas preventivos e asistenciais que se recollen neste real decreto lei, así como calquera outro que, no contexto do estado de alarma, teña como finalidade garantir a prevención, a protección e a atención fronte a todas as formas de violencias contra as mulleres.

IV

Neste contexto, considérase necesario, en primeiro lugar, actualizar os criterios de repartición dos fondos e as contías que se van distribuír por cada un deles, fixados no Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, coa finalidade de establecelos con carácter xeral e estable. Neste sentido e como se indicou, resulta necesario que estas transferencias se acomoden á evolución da poboación española distribuída por municipios desde o ano 2018 e ao número de municipios que se crearon ou se suprimiron desde aquela. Para iso, co fin de que todos os municipios reciban unha contía mínima idéntica e unha contía adicional en función do seu número de habitantes de dereito para posibilitar que as actuacións que realicen cos fondos se poidan adaptar á súa respectiva poboación, establécese que os fondos se distribuirán en función do número de municipios existentes e das cifras oficiais de poboación dos municipios españois, aprobada polo Goberno no momento de adoptarse a resolución en que cada ano se decida transferir os fondos. Ademais, actualízase a contía mínima para o ano 2020 co fin de que todos os municipios, en particular os que teñen menor poboación, poidan recibir unha contía que facilite a

execución das medidas do Pacto de Estado, a través do incremento da contía que se vai distribuír por municipio.

Ademais, coa finalidade de garantir o desenvolvemento do compromiso económico a cinco anos do Pacto de Estado en beneficio das vítimas de violencia contra as mulleres, e para prever a situación específica dos municipios que se foron comprometendo na protección das vítimas a través da súa adhesión por primeira vez ao Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema Vioxen) do Ministerio do Interior, promovida polo propio Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, mediante a determinación desta adhesión como un dos criterios de repartición dos fondos, mantense este criterio de repartición e actualízase a data que se toma como referencia para considerar que se realizou esta adhesión, co fin de que sexa o máis próxima posible á data en que se dite a resolución mediante a cal se fará efectiva a transferencia de fondos para cada ano.

Por outra banda, introdúcese un novo criterio de repartición, o relativo aos municipios en que estean empadroadas as vítimas usuarias do Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas da Violencia de Xénero (Atenpro), para ter en conta na repartición de fondos as actuacións para a atención e a protección das vítimas de violencia de xénero que realizan os municipios adheridos ao servizo. Desde o ano 2010, a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero presta e xestiona o Servizo Atenpro, a través da FEMP, cuxo obxectivo fundamental é que a vítima se sinta segura e acompañada mentres dure o proceso para saír da situación de violencia, facilitándolle o contacto cun contorno de seguridade e posibilitando a intervención inmediata con mobilización, se for o caso, dos recursos de atención que fosen necesarios. De conformidade co protocolo de actuación do Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas da Violencia de Xénero (Atenpro), suscrito coa FEMP, os municipios e as entidades locais adheridas ao Servizo Atenpro realizan actuacións dirixidas a procurar o acceso e o mantemento neste servizo das vítimas de violencia de xénero que reúnan os requisitos exixidos para tal efecto. Deste xeito, coa incorporación deste novo criterio de repartición referido aos municipios en que estean empadroadas vítimas usuarias do Servizo Atenpro, téñense en consideración as actuacións realizadas polos municipios para a prestación deste servizo que impactan directamente na atención e na protección das súas usuarias.

Polo exposto, unha vez calculada a distribución dos fondos en función do número de municipios e da súa poboación, o remanente distribuirase proporcionalmente entre todos os municipios incorporados ao Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema Vioxen) do Ministerio do Interior, así como entre os municipios en que estean empadroadas vítimas usuarias do Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas da Violencia de Xénero (Atenpro) do Ministerio de Igualdade, o primeiro día do mes anterior a aquel en que se dite a resolución de transferencias para cada ano a que corresponda a asignación dos fondos.

Finalmente, a experiencia acumulada ata a data polo Ministerio de Igualdade na xestión das transferencias do Pacto de Estado para as entidades locais correspondentes aos anos 2018 e 2019 e na recepción, revisión e explotación da xustificación presentada polos municipios para as transferencias correspondentes ao 2018 e ao 2019, fai aconsellable habilitar a execución dos fondos ben polos propios municipios, ou ben polas mancomunidades de municipios ou comarcas. Neste último caso, deberán acreditar que teñen atribuídas, entre as súas funcións, as de executar actuacións destinadas á promoción da igualdade entre homes e mulleres ou contra a violencia de xénero. En consecuencia, cando se produza a execución a través destas entidades supramunicipais, estas presentarán unha única xustificación asinada por todos os municipios afectados.

V

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que, no exercicio da iniciativa legislativa, as administracións

públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

Como se expresou anteriormente, resulta necesario recorrer á habilitación normativa do número 3 da disposición derradeira terceira do Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, para actualizar criterios de repartición dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, adaptándoa ao número actual de municipios e á súa cifra de habitantes.

Resulta un instrumento eficaz en canto é idóneo para a consecución do fin último perseguido, como é a promoción de plans e programas que favorezan a erradicación da violencia contra a muller, o que se evidencia no carácter finalista e condicionado dos fondos, cuxo destino deberá ser o cumprimento das medidas do informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, aprobado polo Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, e do informe da Ponencia de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, aprobado polo Senado, na súa sesión plenaria do 13 de setembro de 2017.

En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se vai cubrir coa norma, pois non existen menos restritivas de dereitos nin que impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, esta iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e a toma de decisións das entidades afectadas. Iso queda patente na derogación de todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente real decreto.

En aplicación do principio de transparencia, a norma e a súa memoria resultarán accesibles para a cidadanía. Así mesmo, a norma define claramente os seus obxectivos e explica o seu contexto e propósitos nesta exposición de motivos.

Por último, en aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa evita a imposición de cargas administrativas e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos. Este principio reflíctese especialmente na posibilidade de execución e xustificación dos fondos a través de mancomunidades de municipios e comarcas.

Este real decreto someteuse a informe por parte dos ministerios de Facenda, de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de Política Territorial e Función Pública, e da Federación Española de Municipios e Provincias.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de novembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. Actualización dos criterios de distribución das transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Os fondos destinados ao desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, asignados, vía transferencia finalista e directa, ou a través doutras entidades locais, aos municipios, previstos na disposición derradeira sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para o ano 2020, así como os fondos asignados en posteriores leis de orzamentos xerais do Estado para o cumprimento

do dito Pacto de Estado polas entidades locais, distribuiranse segundo os seguintes criterios:

a) Unha cantidade fixa por municipio en función do número de municipios constituídos segundo os datos do Rexistro de Entidades Locais vixente na data da última declaración de cifras oficiais de poboación dos municipios españois aprobada polo Goberno no momento de adoptarse a resolución da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero a que se refire o artigo 3.

A contía a partir do ano 2020 será de 1.000 euros.

b) Unha cantidade fixa en función do número de habitantes de dereito do municipio. A cifra de habitantes de dereito será a que resulte da última declaración de cifras oficiais de poboación dos municipios españois aprobada polo Goberno no momento de adoptarse a resolución da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero a que se refire o artigo 3.

A contía a partir do ano 2020 será de 0,18 euros por habitante.

As contías previstas nas letras a) e b) poderán ser modificadas polo Goberno, de acordo co establecido na disposición derradeira terceira.3 do Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto.

c) O remanente que exista despois da repartición e aplicados os criterios anteriores distribuirase proporcionalmente entre todos os municipios incorporados ao Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema Vioxen) do Ministerio do Interior, así como entre os municipios en que estean empadroadas vítimas usuarias do Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas da Violencia de Xénero (Atenpro), o primeiro día do mes anterior a aquel en que se dite a resolución de transferencias para cada ano a que corresponda a asignación dos fondos. No suposto en que o municipio cumpra os dous criterios anteriores, aplicarase unicamente o criterio relativo ao servizo Atenpro.

O importe total dos fondos que se van transferir a cada municipio virá determinado pola suma das contías anteriormente sinaladas.

Artigo 2. *Destino dos fondos.*

Os municipios deberán destinar os fondos que reciban, de conformidade co ámbito material de competencias para a realización de actuacións contra a violencia de xénero atribuídas no artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, á execución de programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero que desenvolvan as novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, de acordo coas medidas do informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, aprobado polo Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, e do informe da Ponencia de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, aprobado polo Senado, na súa sesión plenaria do 13 de setembro de 2017.

Artigo 3. *Distribución dos fondos.*

Os fondos serán distribuídos mediante resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, a través da cal se formalizará a distribución dos créditos orzamentarios para cada ano e cada municipio, determinada pola aplicación dos criterios do artigo 1, e nela determinaranse o período e as condicións de execución dos fondos. Esta resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Unha vez publicada esta resolución, libranse e faranse efectivos os fondos correspondentes nun pagamento único.

Artigo 4. *Execución dos fondos.*

1. Os fondos poderán ser executados polos municipios ou ben polas mancomunidades de municipios ou comarcas.

2. No caso de que os fondos os executen mancomunidades de municipios ou comarcas, estas deberán acreditar que teñen atribuídas, entre as súas funcións, as de executar actuacións destinadas á promoción da igualdade entre homes e mulleres ou contra a violencia de xénero. Para estes efectos, achegarán, con carácter previo á transferencia dos fondos, o acordo ou o instrumento xurídico que as habilite para a realización de tales actuacións.

Artigo 5. *Xustificación dos fondos.*

1. Os municipios presentarán a xustificación dos fondos á Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, dentro dos tres meses seguintes a aquel en que finalice o período de execución determinado na resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) Un estado de execución, asinado pola persoa funcionaria responsable das funcións públicas de secretaría e de intervención-tesouraría ou secretaría-intervención correspondentes, relativo á totalidade dos compromisos de créditos, das obrigacións recoñecidas e dos pagamentos realizados, con cargo aos fondos transferidos.

b) Un informe final, asinado pola persoa titular da Alcaldía, referido á execución dos programas para o desenvolvemento do Pacto de Estado a que se refire o artigo 2. O informe describirá o nome do programa, a data da súa posta en marcha e o período de duración, o eixe e a medida do Pacto de Estado que desenvolve, as actuacións realizadas, o impacto na poboación beneficiaria con desagregación por idade e sexo, o grao de execución dos fondos e a valoración do programa: dificultades e propostas.

c) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos en materia de publicidade a que se refire o artigo 7, asinada pola persoa funcionaria responsable das funcións públicas de secretaría ou secretaría-intervención correspondentes.

2. Cando os fondos os executen as mancomunidades de municipios ou comarcas, estas presentarán unha única xustificación mediante a presentación dos documentos previstos no punto 1, que será asinada por todos os municipios afectados.

3. Toda a documentación para a xustificación dos fondos se presentará mediante sistemas de sinatura electrónica e por medios electrónicos, de conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos termos que se establezan na resolución de transferencias.

Artigo 6. *Réxime aplicable aos remanentes dos fondos.*

Os remanentes de fondos non comprometidos resultantes ao finalizar o período de execución determinado na resolución de transferencias seguirán mantendo o destino específico para o que foron transferidos e utilizaranse no seguinte período de realización de actuacións con cargo aos fondos transferidos aos municipios para o desenvolvemento do Pacto de Estado, como situación de tesouraría na orixe, como remanentes que serán descontados da cantidade que corresponda transferir a cada municipio, para a concesión de novos fondos. Cando finalice a vixencia temporal dos compromisos económicos para os cinco exercicios orzamentarios previstos no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero e asignados nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado, destinarase o remanente para facer efectivas as obrigacións pendentes de pagamento na fin do exercicio inmediatamente anterior e o sobrante que non estivese comprometido reintegrarse ao Estado.

Artigo 7. *Publicidade.*

Con obxecto de identificar as fontes de financiamento, en toda a documentación necesaria para a realización de programas ou proxectos, nos materiais que se utilicen, na

sinalización exterior dos lugares onde se executen aqueles e, en todo caso, nas actividades de difusión que cada municipio ou entidade local poida desenvolver en relación con aqueles, deberá constar expresamente, en lugar visible, que se financiaron con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero.

Ademais desta indicación, deberase utilizar o logo do Ministerio de Igualdade, así como o logo do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto polos artigos 149.1.1.^a e 149.1.14.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, de facenda xeral e débeda do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

A ministra de Igualdade poderá adoptar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de novembro de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Igualdade
IRENE MARÍA MONTERO GIL